| DIRECCIÓN E GUIÓN | **Alberto Díaz**<br>*Lugo, 1984* |
|---|---|

IMDb www.imdb.com/name/nm3840719



é de **ORIXE GALLEGO** e
**RESIDENTE EN GALICIA**

**Merlo Branco** é o seu proxecto como novel de guión de longametraxe.

Licenciado en **Comunicación Audiovisual** pola Universidade Rey Juan Carlos e posúe un **máster europeo en Estudos sobre Cinema**.

Apaixonado da teoría cinematográfica e do discurso poético en xeral realizou diferentes traballos audiovisuais coa produtora **Mordisco Films**, da cal é propietario. Tamén é fundador da distribuidora de curtametraxes **Yaq distribución**. Entre os seus proxectos como produtor suma máis de **2000 seleccións e 355 premios internacionais**. Tamén foi xurado internacional no Golden Linden Film Festival (Bulgaria).

Ademais, gozou como **artista en residencia** dunha das bolsas máis importantes de arte contemporánea nacional na **Real Academia de España en Roma** para a creación dun ensaio documental de título ***Lembranza*** e conseguiu unha das cinco **bolsas talento da AGADIC** pola peza ***Exhalación*** e unha das axudas de produción sobre proxecto do **ICAA e AGADIC** para a curtametraxe ***A rabia***.

É **produtor** de cinco longametraxes ***Dous Amigos, Inverno en Europa, The Book, A dente de can e Welcome to ma Maison***. E nestes momentos está inmerso no desenvolvemento de tres longametraxes: ***Eco*** seleccionado no Laboratorio da ESCAC, ***Todos os heroes*** e ***A mala nai*** que é un dos sete proxectos a nivel mundial seleccionados no Fantastic 7 do Marche du Film do Festival de Cannes.

**Nota: adxunto a continuación link aos seus traballos como director, pódese facer clic no cartel ou no propio link.*




**vimeo.com/172622062**
Contrasinal: bóveda




**vimeo.com/199296350**
Contrasinal: Ex




**vimeo.com/mordiscofilms/stringless**
Contrasinal: cuerdas




**vimeo.com/yaqdistribucion/arabia**
Contrasinal: filo